

ACTA XUNTA DIRECTIVA GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL "AVINZA GDR 15" O DÍA 18 DE MARZO DE 2011

Asisten:

PRESIDENTE

D. Francisco García Suárez

VICEPRESIDENTE 1º

D. Manuel Gallego Vila

VICEPRESIDENTE 3º

Da. Yolanda Quintas Salgado

SECRETARIO

D. Francisco Xabier Oviedo Rodríguez

VICESECRETARIA

Da. Vanessa García Rodríguez

TESOUREIRO

D José Manuel Fernández Gómez

VOGAIS

Da. María Teresa Barge Bello

D. Benigno Carballo Bouzas en
representación de D. Eladio Mangana
Novoa

D. Francisco Javier Nogueiras Quintas
en representación de

D. José Luis Gavilanes Losada

D. Manuel García González

D. Juan Álvarez

Xosé Antón Rodríguez Calviño en
representación de D. Esther Losada

No Salón de Actos do Centro de Promoción Económica de Allariz, sito na rúa Portelo 4, cando son as 17:15 horas do día 18 de marzo de 2011, previamente convocados/as, reuníronse os Sres./as. á marxe relacionados/as, baixo a presidencia do Sr. PRESIDENTE, Francisco García Suárez, constituídos en *Xunta Directiva* a fin de celebrar unha sesión ordinaria da Asociación AVINZA GDR 15, para tratar os asuntos que a continuación se detallan como orde do día.

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior.

Enviada xunto coa convocatoria desta reunión procedese á aprobación da acta da sesión anterior Xunta Directiva do 5 de novembro de 2010.

2. Convocar Asemblea xeral para marzo e acordar a orde do día.

Queda ratificada a data do venres 8 de abril de 2011 para a celebración da próxima asemblea xeral da Asociación Avinza GDR 15 e a orde do día proposta. (Documento adxunto)

3. Aprobación, se procede, de cota anual de socios.

O presidente explica aos membros da xunta os problemas de tesourería que afronta o grupo polo sistema de pago adiantado e xustificación, e por non ser subvencionables os gastos bancarios. Proponse o pago dunha cota anual dos socios públicos, e dicir, dos dez concellos representados, que terá unha cuantía de 2.000 € para o concello de máis de 5.000 habitantes e de 1.000€ para o resto. Os alcaldes presentes votan a favor pero indican a necesidade de levar o asunto ás súas comisións de goberno respectivas. Avinza GDR 15 comprométese a enviar aos dez concellos un documento informativo do acordo adoptado nesta xunta.

4. Renovación da metade da Xunta Directiva (segundo os estatutos da asociación).

Como se recolle nos estatutos na próxima Asemblea xeral tense que proceder á renovación da metade da directiva actual. José Manuel Fernández, alcalde de Paderne, indica que non hai representación deste concello nas asociacións e propón que entre unha na nova directiva. Proponse por parte do presidente chegar a un consenso para presentar unha candidatura consensuada entre as asociacións dos concellos. Proponse que a xerente promova reunión entre as asociacións de concellos para que elixan candidatos. Queda acordado así có apoio de todos os asistentes.

5. Selección de proxectos LEADER:

a. Ratifícanse de forma favorable os seguintes proxectos:

Título: Servizos de Automoción
Expediente: L10-41300-15-0017
Promotor: Juan Carlos Grande Seara
Porcentaxe: 30% do orzamento
Subvención proposta: 74.227,50 €

Título: Artesanía Ducí
Expediente: L10-41300-15-0018
Promotor: José Luis Cid Babarro
Porcentaxe: 31,8% do orzamento
Subvención proposta: 26.993,60 €

Título: Pequeno taller de reciclaxes industriais.
Expediente: L10-41300-15-0009
Promotor: Taller de reciclaxes industriais Balseiro S. C.
Porcentaxe: 36,6% do orzamento
Subvención proposta: 84.360,70 €

Título: Taller mecánico
Expediente: L10-41300-15-0015
Promotor: José Miranda Selas
Porcentaxe: 45% do orzamento
Subvención proposta: 21.470,00 €

Título: Escavación arqueolóxica recuperación do miliario Padrón da Vía Nova

Expediente: L10-41200-15-0019

Promotor: Concello de Rairiz de Veiga

Porcentaxe: 70% do orzamento

Subvención proposta: 8.204,00 €

Título: Rutas na Serra de San Mamede

Expediente: L10-41300-15-0012

Promotor: Concello de Maceda

Porcentaxe: 63,5% do orzamento

Subvención proposta: 63.865,40 €

- b. **Desfavorables, ratifícase tamén a non selección por parte de AGADER dos seguintes proxectos.**

Título: Enerxías renovables

Expediente: L10-41300-15-0004

Promotor: José Manuel Tránsito

Título: Feira Biocultura

Expediente: L10-41100-15-0014

Promotor: S. C. Daiquí

6. Acordo de participación nos proxectos de COOPERACION ESTATAL

Acórdase por unanimidade a participación de Avinza nos seguintes proxectos de desenvolvemento.

- a. **CÚRAME – COORDINADOR AVINZA GDR 15**
- b. **SON(s) do MONTE - COORDINADOR AVINZA GDR 15**
- c. **Artesanía y comercio local**
- d. **Silvicultura como generadora de emprego en el medio rural**
- e. **Jóvenes rurales**

O presidente alude á posibilidade de participar noutros proxectos que poidan surxir coas convocatorias estatais e galega. Acórdase por unanimidade participar en todos aqueles proxectos de cooperación galega ou estatal que poidan ser interesantes para o grupo.

7. Aprobación da campaña de divulgación 2011-2012

8. Información sobre os cursos

- a. **“XESTION SOTIBLE DOS MONTES”. AMBIEMPLÉATE. Maceda**
- b. **AGRICULTURA ECOLÓXICA. Allariz - Rairiz de Veiga**

9. Outros temas de interese.

Coa presente notificación acompáñase:

- a) Acta da asemblea anterior.

Proposta de data e orde do día para a Asemblea Xeral Ordinaria

Sen máis temas a tratar péchase a reunión ás 17:55h.



Francisco García Suárez
Presidente

Xabier Rodríguez Oviedo
Secretario